



Concello
de
Narón

ORDENANZA FISCAL NÚM. 27.- REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, CASCALLOS, VALOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.

ARTÍGO 1.-

FUNDAMENTO E NATUREZA.

Ó abeiro do previsto noa lei reguladora das Facendas o Concello establece a taxa por ocupacións privativas ou aproveitamentos especiais pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valos, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas, especificado nas Tarifas contidas no apartado 2 do artigo 4 seguinte, que se rexerá pola presente ordenanza.

ARTÍGO 2.-

FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa o aproveitamento especial pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materias de construción, cascallos, valos, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas, nos termos establecidos no artigo 7 desta ordenanza, onde se regulan as tarifas a aplicar.

ARTÍGO 3.-

SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, a favor das cales se outorguen as licencias para gozar do aproveitamento especial, ou os que se beneficien do mesmo, sen ter solicitado licencia.

ARTÍGO 4.-

SUXEITO PASIVO.

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral tributaria reponderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións nas obrigacións tributarias de ditas Entidades.



3.- Os administradores de persoas xurídicas que non realizasen os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) Nos supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigacións tributarias pendentes na data do cese.

4.- A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

ARTÍGO 5.-

BENEFICIOS FISCAIS.

1.- O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades locais non estarán obrigadas ó pagamento da taxa cando solicitasen licencia para gozar dos aproveitamentos especiais, necesarios para os servicios públicos de comunicacións que exploren directamente e para outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

2.- Non se aplicarán bonificacións ni reducións para a determinación da débeda.

ARTÍGO 6.-

CATEGORÍAS DAS RÚAS OU POLÍGONOS.

1.- Ós efectos previstos para a aplicación dalgúns epígrafes da Tarifa do apartado 2 do artigo 7 seguinte, as vías públicas deste Concello clasifícaranse de conformidade co anexo da ordenanza fiscal xeral.

2.- As vías públicas que non aparezan sinaladas no índice alfabético serán consideradas de última categoría, permanecendo cualificadas así ata o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel no que se aprobe polo Pleno desta Corporación a categoría correspondente e a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.

3.- Cando o espazo afectado polo aproveitamento estea situado na confluencia de dúas ou máis vías públicas clasificadas en distinta categoría, aplicarase a tarifa que corresponda á vía de categoría superior.

ARTÍGO 7.-

COTA TRIBUTARIA.

1.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte:

2.- As tarifas da taxa serán as seguintes:



Concello
de
Narón

CATEGORÍAS RÚAS

	1 a	2 a	Resto
Ocupación da vía pública con valos, puntais, asnillas, andamios, etc:			
- Ocupación con valos por m2/mes	2,85.- €	2,15.- €	1,50.- €
- Ocupación con valos voadizos, andamios ou outros análogos por m2 o fracción o mes	2,85.- €	2,15.- €	1,50.- €
-Ocupación con puntais, asnillas, ou outros elementos de apeo por cada elemento e mes	0,80.- €	0,80.- €	0,80.- €
- Ocupación da vía pública con grúas ou aparatos mecánicos análogos, por m2 e mes	3,60.- €	3,60.- €	3,60.- €

3.- Cando para a autorización da utilización privativa se utilicen procedementos de licitación pública, o importa da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación.

4.- Normas de aplicación das tarifas:

- a) Cando as obras se interrompesen durante un tempo superior a dous meses, sen causa xustificada, as cantías resultantes por aplicación da Tarifa primeira sufrirán un recargo do cen por cen a partir do terceiro mes e, no caso de que unha vez rematadas as obras continúen os aproveitamentos, as contías serán recargadas nun 200 por 100.
- b) Cando se trate de ocupación con valos da vía pública, con carácter mínimo e sempre que por aplicación da precedente tarifa non se alcance outra superior, percibirase a cantidades de **30,30.- €.**, tratándose de valos voadizos, andamios, puntais e outros elementos de apeo a cota mínima será de **22,70.- €** Os puntais e andamios que estean situados dentro do perímetro limitado polo valo non darán lugar á liquidación por tal tarifa, senón que estarán comprendidos nas cotas correspondentes ó concepto específico de valos. A partir do sexto mes a tarifa por ocupación de vía pública con valos experimentará un incremento acumulativo do **10 %** por cada mes de exceso.

5.- Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial teñan aparelada a destrucción ou deterioro do dominio público, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houbera lugar estará obrigado ó reintegro do custe total dos gastos da reconstrucción ou amaño e depósito previo do seu importe.

ARTÍGO 8.-

NORMAS DE XESTIÓN.

1.- Cando con ocasión dos aproveitamentos regulados neste Ordenanza se producisen desperfectos no pavimento ou instalacións da vía pública, os titulares das licencias ou os obrigados ó pago virán suxietos ó reintegro total dos gastos de



Concello
de
Narón

reconstrucción e amaño de tales desperfectos ou amaño-lo danos cousados, que serán, en todo caso, independentes dos dereitos liquidados polo aproveitamento feitos.

2.- As cantidades esixibles con arreglo á Tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polo períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

3.- As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia.

4.- Se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, unha vez autorizada a ocupación, entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa.

5.- A presentación da baixa causará efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado no epígrafe da Tarifa que corresponda. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa, determinará a obrigaón de continuar abonando a taxa.

ARTÍGO 9.-

DEVENGO.

1.- A taxa devengarase cando se inicie o uso privativo ou aproveitamento especial, momento que, a estes efectos, se entende que coincide coa concesión da licencia, se a mesma foi solicitada.

2.- Sen prexuízo do previsto no punto anterior, será preciso depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude da autorización para gozar especialmente do dominio público local en beneficio particular.

3.- Cando se produza o uso privativo ou aproveitamento especial sen solicitar licencia, o devengo da taxa terá lugar no momento do inicio de dito aproveitamento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro do 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.